

## XORNADAS

### Liderado grupal: Estratexias para equipos de traballo de centros educativos + Presentación de 'Escolas Sostibles'

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	4 de Maio de 2019	<b>DURACIÓN</b>	7 horas
<b>HORARIO</b>	09:30-14:00 e 16:00-18:30		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	CIDADE DA CULTURA   Sala Eisenman Monte Gaiás, s/n Santiago de Compostela		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Roberto Andrés Sanmartín	<b>TELÉFONO</b>	986866149
		<b>E-MAIL</b>	<a href="mailto:roberto@espazo.coop">roberto@espazo.coop</a>

#### OBXECTIVOS

- Contribuír á flexibilidade e eficiencia do traballo colaborativo en entornos de aprendizaxe dinámicos.
- Presentar o concepto de "Escola ecolóxica", indicando cales poden ser as diferentes implicacións segundo o interese ou dispoñibilidade de cada centro: Actividades de sensibilización ambiental, Ecoauditoría escolar (realizada co alumnado), Auditoría de centro (realizada por técnicos ambientais), Plan de mellora ambiental de centro, Sistema de xestión ambiental e Certificacións.
- Dar a coñecer contidos específicos de aforro e eficiencia enerxética que podan contribuír á mellora da xestión empresarial, social e medioambiental.

#### PROGRAMA

##### SESIÓN MATINAL

09:30 h. - Recepción e entrega de documentación.

10:00 h. - Presentación da xornada, presentación da Rede Eusumo, e do programa de actividades de Espazocoop dirixido especificamente aos centros de ensino de economía social.

10:30 h. - Relatorio-Obradoiro "Reflexión sobre o traballo en equipo, estratexias e mellora". Miguel Ángel Moral Salvidegoitia ([Fundación Colegio Vizcaya Fundazioa](#)).

12:00 h. -Coffee-Break.

12:30 h. -Relatorio-Obradoiro "Reflexión sobre o traballo en equipo, estratexias e mellora". Miguel Ángel Moral Salvidegoitia ([Fundación Colegio Vizcaya Fundazioa](#)).

14:00 h. - Xantar.

##### SESIÓN TARDE

16:00 h. - Relatorio "Escolas Sostibles". Susana Soto Fernández ([Teixugo S. Coop. Galega](#)) e Pablo Álvarez Fernández ([Nosa Enerxía S. Coop. Galega](#))

18:00 h. - Conclusións e Peche Xornada

#### CONTIDOS

- Cómo ves o teu equipo de traballo?. Crenzas, liderado e compromiso. Mitos que limitan o traballo en equipo. A xestión dos equipos de traballo. Distribución e delegación de tarefas. Principais atributos dos equipos de alto rendemento. Estratexias que axudan na mellora e planificación dos equipos de traballo.
- Avaliar os impactos ambientais resultantes da actividade do centro. Medir o grao de cumprimento da lexislación ambiental e outros obxectivos ambientais. Determinar a natureza e a cantidade de residuos xerados pola actividade. Identificar as oportunidades para reducir a xeración e aumentar a reciclaxe. Coñecer a xestión ambiental levada a cabo na organización e se esta conta con obxectivos e metas.
- Avaliar as opcións dos centros, como entidades responsables co medio ambiente, tanto no consumo como na xeración de enerxía eléctrica.

#### METODOLOXÍA

- A xornada desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.
- Empregaránse medios audiovisuais na presentación dos relatorios e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.
- Establecerse unha rota de traballo conxunta para aqueles centros interados en continuar o proceso, de tal xeito de forma que se minimizan os custes e se traballa co espírito cooperativo.

#### DIRIXIDO A

Persoas socias e traballadoras das cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social de Galicia, así como outras entidades vencelladas ao eido do ensino, profesionais da educación, público interesado, e persoal técnico das entidades do Foro pola Economía Social Galega (Agaca, Cegasal, Aeiga, Aesgal, EspazoCoop), outras entidades e redes de economía social e solidaria. Grupo máximo: 50 persoas.

#### PRAZO E COTA DE INSCRICIÓN

Ata o 2 de maio ás 14:00 horas.

Cota de inscrición de 15 € a ingresar na conta bancaria ES10 3070 0035 2060 2721 0522



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.